

Rúas iluminadas e actividades para todas as idades enchen de vida as vilas e prazas da maioría dos concellos // Comercio e hostalaría tamén se sumaron ás festas con campañas de fidelización buscando promocionar a oferta local **TEXTO M. Lavandeira**

# O Nadal máis esperado na Costa da Morte e Barbanza

Chegou o Nadal, un dos máis esperados despois de case dous anos de pandemia e, aínda que ca mirada posta na evolución da crise sanitaria, os concellos da Costa da Morte, Barbanza e Muros-Noia engalanáronse con iluminacións espectaculares para reforzar o espírito navideño e dinamizar as súas vilas. Ademais, rúas, prazas e auditorios son un ferreiro de actividades culturais e de lecer deseñadas para o disfrute de toda a familia, aínda que poñendo o foco nos máis novos.

Obradoiros infantís, actuacións teatrais, espectáculos de maxia, actos literarios e concertos musicais son algunhas das propostas máis programadas para encher o tempo de lecer neste Nadal. Non falta tampouco o espírito máis diferenciador, como en Vimianzo, onde o Concello apostou por vez primeira vez por habilitar unha pista de patinaxe de xeo natural, que está a ser todo un



Felicitación luminosa coa que Vimianzo recibe aos visitantes que chegan pola AC-552. Foto: Concello de Vimianzo

éxito. Unha iniciativa que, ademais, está a contribuir a dinamizar a actividade comercial e hostaleira, dous sectores que quixeron colaborar ofrecendo entradas ós seus clientes.

O Nadal é tamén tempo de solidariedade. Con ese espírito programaron en Noia unha *dance class* a favor da Asociación Galega de Heteroplasia Ósea Progresiva, coa que colabora o Concello noiés. Nesta mesma vila habilitáronse tamén uns recunchos para facerse selfies e participar nun concurso no que se poden conseguir tres vales para gastar no comercio local.

Noutras vilas, como Carballo o Centro Comercial Aberto instalou unha Casiña de Nadal na Praza do Concello, coa que, ademais de agasallar aos nenos e nenas que se acheguen á mesma, tamén fomentarán a reciclaxe de plásticos e a inclusión socio-laboral de persoas con diversidade funcional, en colaboración coa Asociación Íntegro.

Todos os concellos recibirán ademais a visita de Sús Maxestades de Oriente e, por moitos deles xa pasaron tamén Papá Noel e o Carteiro Real para recoller todas as peticións dos máis pequenos da casa. Terán que esperar ata o día 5 de xaneiro para que eses desexos se vexan cumpridos cando Melchor, Gaspar e Baltasar peccorran as parroquias e as capitais municipais, en moitas das cales están programadas recepcións reais e festas para que, nenos e maiores, disfruten coa máxima ilusión destas máxicas datas.

Desexámoslles  
Felices Festas

CONFRARÍA DE PESCADORES  
«SAN BARTOLOMÉ»

www.cofradianoia.org  
www.berberechodenoia.com



Laura Salgado, edila de Comercio, y José Manuel Martínez, presidente de Noia Historica, presentaron la Campaña Noia Preto de Ti, lanzada por la citada entidad en colaboración con el Ayuntamiento. Foto: CDN

El programa también va a incluir un festival benéfico por la heteroplasia ósea progresiva el día 26 con Kitis Katis // Los fans de Papá Noel podrán retratarse en su trineo **TEXTO O.D. Vilar**

# Noia se va a convertir en capital del selfie navideño

El Concello de Noia se ha volcado poniendo en marcha una auténtica batería de actos para que nadie se aburra en estas fiestas navideñas, muchos dirigidos a los peques, pero también a adultos. Y cubren desde las actividades de conciliación hasta los certámenes de fotos y, como no, la colaboración con el Festival Navideño Benéfico para luchar contra la heteroplasia ósea progresiva (visibilizada por la asociación galega Aaspoh) a cargo de Kitis Kitis dance class, y que llegará el próximo domingo 26 a las 19.30 horas hasta el pabellón Alonso Rodríguez.

Según la organización de este foro que promueve la citada entidad de baile, "as entradas poderanse adquirir a través de ambas asociacións", apuntando que además contarán "cunha fila 0 para todas aquelas persoas que queiran colaborar coa compra da entrada, pero que non poidan asistir ao evento".

En cuanto al programa puramente municipal, y además de decoración en las calles, un certamen de escaparates y la presencia del tren infantil (que funcionará los días 23 y 24 de este mes), se ha previsto emplatizar un Trineo Photocall que rememora a Papá Noel el día 24 en O Curro. Tampoco se olvida la organización de ambientar las travesías noiesas con música, y se van a repartir 4.000 euros en premios.

Precisamente, la concejalía de Xuventude noiesa promueve el Concurso de Selfies titulado Recunchos de Nadal en Noia. Está dirigido a personas de 14 a 30 años, y consis-

te en hacerse un autorretrato navideño en alguna parte del término municipal que esté decorada. Hay que enviar la foto por email (a nadalenoia@orbitainfantil.com) o bien a través del whatsapp (677 555 748) antes del 1 de enero. Los premios consistirán en tres vales para gastar en establecimientos comerciales locales. El primero ascenderá a doscientos euros, a cien el segundo y a cincuenta el tercero.

**DOS FOTOS.** En las bases de esta iniciativa se especifica que "cada participante só poderá presentar un máximo de dúas fotografías nomeadas con mensaxes diferentes", valorándose "a orixinalidade e o contido estético das mesmas". Pero asimismo, "en ningún caso, poderán mostrar situacións intolerantes ou discriminatorias. O Concello reservarase o dereito para rexeitar aquelas imaxes que incumpran con este requisito".

Y aún hay más: la concejala de Deportes e Xuventude, Laura Salgado, divulgaba recientemente una nueva edición del Campamento de Nadal, dirigido a los chavales de entre 3 y 12 años, que dará comienzo el día 22 de diciembre y llegará a su fin el 4 de enero. "Este ano, como novidade, o campamento ofrecerá o servizo de madrugadores, a partir das 07.30 horas, e tamén o servizo de recollida ata ás 14.30 h que permite aos cativos estar unha hora máis", explicaban desde la organización, animando a formalizar las anotaciones en la propia casa consistorial.



N.R.S.I. 20.29981/C

**Panadería:**

Lugar de Caldecáns, 15  
A Barquiña • T. 981 823 945

**Despachos en NOIA:**

C/ Escultor Ferreiro- T. 981 822 553  
C/ Ramón Álvarez de la Braña  
C/ República de Argentina

novapannoiasl.weebly.com  
novapannoiasl@gmail.com

**Autos Patiño Noia**



**Volkswagen**

P. Ind. Augalevada Parc. 10  
Noia (A Coruña)  
T. 981 824 865 • F. 981 825 595  
M. 629 212 851 • M. 609 806 604

gerencia@autospatino.volkswagen.es

**FÁBRICA DE MUEBLES DE COCINA Y BAÑO SECCIÓN DE HOGAR Y DESCANSO**



Rúa Castelao, 49 - 51 - NOIA  
T. 981 822 504  
[www.mueblesolmedo.com](http://www.mueblesolmedo.com)



**COMIDA PARA LLEVAR**

**ESPECIALIDAD** Bacalao a la portuguesa  
**MENÚ DEL DÍA** Tapas de pulpo y otras

C/ Romero Blanco  
Tfno. 981 82 32 12 • 15200 Noia



- ROTULACIÓN
- IMPRESIÓN
- LUMINOSOS
- COLOCACIÓN

Piñeirino nº 5, La Rosa - NOIA  
rotulosageitos@gmail.com  
T. 981 821 565



**I.G.S.A. ASORES DE EMPRESAS**

LABORAL - FISCAL - CONTABLE  
*Feliz Navidad y Próspero Año Nuevo*

Horario de oficina: lunes a viernes de 9:00 a 15:00

[www.igsasesores.com](http://www.igsasesores.com)

**AUDITORÍAS ECONÓMICO-FINANCIERO SUBVENCIONES Y AYUDAS OFICIALES**

EN NOIA • C. Perito Basilio, 2-1º C  
T. 981 842 130 - F. 981 824 676

EN RIBEIRA • Campo de Marte, nº 3 - 1º  
T. 981 835 621 - F. 981 874 262

Nestan instalación, ubicada na praza de A Boqueira de A Negral, desenvólvense variadas actividades para os máis pequenos // Para acceder á mesma é preciso doar alimentos perecedoiros // Tamén haberá un escape room **TEXTO M. Torres**

# Unha carpa solidaria, centro de operacións dos actos en Boiro

Coas luces acesas en toda a comarca do Barbanza, o espírito do Nadal xa se atopa presenta en todos pero, especialmente, nos máis cativos. Eles son os verdadeiros protagonistas destas celebracións e, coñecedores diso, o Concello de Boiro, en colaboración coa patronal, puxeron en marcha diferentes actividades lúdicas e culturais.

Como nos últimos anos, instalouse unha Carpa Solidaria na praza de A Boqueira de A Negral. Para acceder á instalación é preciso facer unha aportación de alimentos perecedoiros que serán doados. No recinto desenvólvese ao longo do Nadal un amplo e variado programa de actividades pensado para o público infan-



Os trasnos protagonizaron o acendido do alumeado. Foto: C. B.



Espectáculo nun dos festivais de Nadal de Boiro. Foto: C. B.

til que inclúe contacontos, teatro, espectáculos de rúa, animacións e xogos, concertos e festivais.

Na Carpa Solidaria haberá un obradoiro de malabres este domingo ás 19.00 horas. Reserva de entradas na web municipal ([www.boiro.gal](http://www.boiro.gal)). Prazas limitadas.

A maiores, tamén se puxo en marcha o campamento de conciliación de Nadal, que se organiza para nenos e nenas de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos co obxectivo de facilitar ás familias un recurso de conciliación ofrecendo unha

alternativa lúdica, formativa e integradora.

Tamén no marco da programación de Nadal, o Concello de Boiro desenvolve un escape room destinado a público infantil e familiar e mocidade. A actividade vai ter lugar os días 27, 28, 29 e 30 deste mes no local Leñaverde do Centro Social de Boiro con quendas de 10 persoas e sesións para diferentes públicos. O máximo de xogadores por quenda é de dez, polo que se require inscrición previa a través dos formularios habilitados na web municipal. Para acceder é preciso presentar o certificado de vacinación.



CONCELLO  
DE  
BOIRO

*Bo Nadal e  
próspero ano novo*

Concello de Boiro

Será o oito e para participar só é preciso reservar praza a través de bandoticket // O programa tamén inclúe un contacontos e dúas exposicións // As pequenos serán recibidos o día cinco por Melchor, Gaspar e Baltasar na casa da cultura **TEXTO M. Cano**

# Lousame celebra o festival de Reis con xogos e chocolatada

Un concerto de panxoliñas que acolleu a igrexa de San Pedro de Tállara o pasado sábado abriu a programación especial de Nadal do Concello de Lousame, que se desenvolverá sempre baixo as recomendacións das autoridades sanitarias vixentes no seu momento. Así, o martes 28 de decembro, ás 12.00 horas, terá lugar un contacontos de Nadal na casa da cultura. Trátase de *Flipa cos contos de Nadal*, da man de Fran Campos. Será de balde, previa inscrición a través de bandoticket.

Así mesmo, a sala de exposicións da casa da cultura acollerá dúas mostras durante este mes: Nos tamén fomos emigrantes, exposición de fotografías da Axencia EFE sobre a emigración galega que poderá visitarse ata o 26 de decembro; e As mulleres no mundo da maxia, unha serie de paneis informativos para visibilizar o papel da muller no mundo da maxia que se poderá visitar desde o 27 de decembro.

Ambas as dúas exposicións poden visitarse de luns a venres, en horario de 9.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 horas, coa excepción dos mércores nos que só hai servizo de mañá.

Xa o 5 de xaneiro terá lugar na casa da cultura unha recepción dos Reis Magos. As familias serán recibidas en quendas de 10 persoas, que disporán de 10 minutos para estar con súas maxestades, fotografiarse con eles ou entregarlles as cartas. Para participar só é preciso reservar praza a través de bandoticket.

Ao respecto, a concelleira de Cultura de Lousame, Silvia Agrafojo, explicou que "o que pretendemos é que cada familia poida buscar a hora que mellor lle conveña para acudir a ver os Reis. Desafortunadamente, evitamos aglomeracións e cadaquén pode desfrutar do seu tempo con Melchor, Gaspar e Baltasar". As visitas terán lugar de 10.30 a 14.00 horas e de 16.00 a 19.00 horas.

Así, o Festival de Reis trasladará-



Recepción dos Reis Magos na casa da cultura de Lousame. Foto: Concello

se ao sábado 8 de xaneiro e terá lugar en tres quendas de 150 persoas e dunha hora de duración. A primeira quenda terá lugar de 16.00 a 17.00 horas, tras media hora de desinfección das instalacións virá unha segunda quenda, de 17.30 a 18.30; e tras unha nova desinfección a derradeira quenda terá lugar das 19.00 ás 20.00 horas. Haberá parque infantil, xogos e ata unha churrería, xa que todas as persoas que asistan recibirán un vale por un chocolate con cinco churros. Coma no caso anterior, será preciso reservar praza a través de bandoticket.

Na programación do mes de decembro tamén tivo lugar unha iniciativa benéfica. Máis dun centenar de persoas tomaron parte o pasado sábado na quinta edición da Andaina solidaria en favor da Asociación Galega de Heteroplasia Ósea Progresiva (ASGPOH), organizada polo Club Lousame Deporte e o Concello. Unha camiñata que permitiu recadar máis de 1.500 euros, entre as inscricións, dorsal solidario e doazóns dalgúns das 500 persoas que tomarán parte do V Trail Silvestre de Lousame este domingo.

Precisamente, o acto de entrega das doazóns farase ao finalizar o Trail, posto que aínda está aberto o Dorsal 0 en [www.emesports.es](http://www.emesports.es) para aquelas persoas que queiran colaborar coa iniciativa e non poidan ou non queiran asistir ás probas.

O tenente de alcalde, Ramón Martínez, agradeceu a solidariedade das persoas participantes e o traballo dos voluntarios e clubs implicados.



Rúa da Capela, 3 - 1º Izq.  
T. 981 842 522  
F. 981 850 663  
15230 SERRA DE OUTES  
(A Coruña)



Riveira de Solleiros, 81 - B  
T. 981 764 254  
F. 981 850 663  
15240 ESTEIRO - MUROS  
(A Coruña)

**Festas de Nadal  
2021/22**

**SOCIEDADE LICEO DE NOIA**

Programación decembro/xaneiro en [www.liceodenoia.com](http://www.liceodenoia.com)

## BO NADAL E FELIZ 2022



A alcadesa de Lousame  
M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais e a  
Corporación Municipal,

Cara Belén camiña  
unha Nena ocupada  
fermosa, en canto a ela,  
San Xosé a acompaña.

Chegaron a Belén  
e pediron pousada,  
responderon de adentro  
con voz alborotada.

¿Quen chama á miña porta,  
quen á porta me chama?  
Somos Xosé e María  
que pedimos pousada.

Se traen cartos que entren  
e senon que se vaian.  
Cartos non traerei,  
máis que un real de prata.

Isos son poucos cartos,  
pídanno noutra parte.  
San Xosé xa penaba,  
María o consolaba.

Non te apenes Xosé,  
non te apenes por nada,  
¿qué máis cartos ti queres  
que isto que me acompaña?

**DESEXÁMOSVOS  
FELICES FESTAS!**



**Nadal de Luintra  
Berroqueto**



**Concello de  
LOUSAME**

[www.concellodelousame.gal](http://www.concellodelousame.gal)



Papá Noel y los Reyes Magos visitarán todas las parroquias del municipio // Habrá teatro musical, atracciones infantiles y obradoiros de Nadal para los niños sonenses // La despedida del año tendrá lugar de seis a nueve de la tarde con un DJ TEXTO M. Boo

# Despliegue de ilusión para los más pequeños en Porto do Son

Con el sorteo de la Lotería de Navidad se da el pistoletazo de salida a unas fechas muy especiales en las que la ilusión se instala en muchas casas, sobre todo en aquellas adornadas por el sonido de los niños. Y por eso no hay Concello que no organice un programa de actos que entretengan a sus vecinos al tiempo que siembran la alegría entre los más pequeños.

Bajo el sugerente título de Son de Nadal los vecinos de Porto do Son podrán disfrutar de una amplia programación en estas fechas navideñas. Ya el pasado día 11 de diciembre tuvo lugar en la casa de cultura de Porto do Son el espectáculo de magia titulado Un, dous e tres o Xacobeo non o ves realizado por Expresión Produccións.

Pero lo fuerte comienza hoy mismo. A partir de las cinco de la tarde la casa de cultura de Porto do Son levantará el telón para que los más jóvenes puedan disfrutar con teatro

musical. Avento Producións lleva a escena *O libro da selva*. La historia publicada por Rudyard Kipling en 1894 llega en una adaptación de ritmo rápido que mantendrá al espectador pegado al borde del asiento mientras Mowgli se encuentra vis a vis con el tigre Shere Khan.

Especial protagonismo cobran en estas fechas los obradoiros de Nadal para los pequeños que se celebran hoy y los días 27, 28 y 30 de diciembre y 3 y 4 de enero. Esta actividad concentrará a los niños en la ludoteca de Porto do Son y en las casas de cultura de Portosín y Xuño.

Y mañana jueves llega al municipio una de las visitas más esperadas del año. Papá Noel recorrerá todas las parroquias del concello para saludar a los niños en horario de diez de la mañana a dos de la tarde y desde las cuatro a las ocho de la noche.

Ya el día de Nochebuena, desde el Concello no quieren dejar pasar la oportunidad de alegrar un poco a los



La charanga O Santiaguíño de Padrón actuará dos días en O Son

vecinos y para ello nada mejor que la charanga O Santiaguíño de Padrón, que desplegará sus mejores notas musicales de seis de la tarde a nueve de la noche en varios lugares del municipio.

Será el domingo, con el mismo horario, cuando repetirán actuación los componentes de la charanga O Santiaguíño de Padrón.

Ya el día 29 de diciembre, en el polideportivo Santa Irene, los niños tendrán a su disposición las atracciones infantiles de Tikodoko con sus hinchables entre las cinco de la tarde y las nueve de la noche.

Porto do Son despedirá el año con una sesión de DJ en la plaza de España el mismo 31 de diciembre entre las seis de la tarde y las nueve de la noche, en un festival que aguarda una gran asistencia.

Y ya en 2022 la ilusión de los más pequeños llenará las calles de todos los rincones de Porto do Son con el pasacalles titulado Fantasía iluminada y la visita de los Reyes Magos a todas las parroquias en un desfile que comenzará a las diez de la mañana para interrumpirse a las dos de la tarde y continuar después de cuatro a ocho de la noche, una hora más que prudente para que los niños se retiren en una de las noches más emocionantes del año.

Desde el Ayuntamiento de Porto do Son se aclara que todas estas actividades están supeditadas a las medidas anti covid vigentes en el momento en que se celebre cada espectáculo.

# xreal



Xallas  
electricidad  
y aleaciones

## COMPROMISO

CON

## A COSTA DA MORTE



# A Poutada

NAUTICA Y EMBARCACIONES DEPORTIVAS / DEPORTES  
PASEO DAS CAROLINAS 10 - RIBEIRA • TEL.: 981.83.56.62

TALLER EMBARCACIONES  
PUERTO COMERCIAL S/N - PUEBLA. TEL.: 981.83.12.11

f WWW.APOUTADA.COM



## frioCee

www.friocce.com

SERVICIO TÉCNICO PROPIO

Avda. Finisterre, 91 - bajo - CEE • T. 981 746 657 • friocce@friocce.com

VENTA Y  
REPARACIÓN DE  
MAQUINARIA  
PARA LA  
HOSTELERÍA  
Y ALIMENTACIÓN,  
FRÍO INDUSTRIAL

## Lourdes Alvite Martínez



MAPFRE

Agente de Seguros

Nº REGISTRO: 45749

C/ Marina, 15  
T. y F. 981 742 429  
MUXÍA (A Coruña)

# O Nadal chega a todos os recunchos na Pobra

MARTA TORRES

A Pobra do Caramiñal

A Concellaría da Promoción Económica de A Pobra do Caramiñal configurou unha serie de actividades coas que desfrutar do Nadal na localidade. Trátase dunha variada programación que pretende estar presente en tódolos recunchos do concello e apta para tódalas persoas, facendo especial fincapé nos máis pequenos. Como novidade, contarase cun Nadal Móbil que percorrerá tódalas parroquias; un total de sete puntos nos que haberá actividades, obradoiros, chocolatada e máis sorpresas.

O Nadal Móbil estará nos centros sociais de O Camiño Ancho o 27 deste mes, no de Santo Isidro o 28, no de O Maño o 29, no de Santa Cruz o 30, no da Ribeiriña o 2 de xaneiro, no de A Angustia o 3 e no de O Campiño o 4.

A Pobra do Caramiñal tamén acolle nestas datas un mercado de Nadal no Cantón da Leña, que está aberto du-



Os nenos da Pobra recibiron a visita de Papá Noel. Foto: C. P.

rante as fins de semana ata o día 2 de xaneiro. Componse de sete postos do comercio de proximidade dedicados á gastronomía, artesanía, artigos de agasallo e téxtil. Esta feira tamén conta con xogos música e baile a cargo dos grupos Eiradela, o 26 decembro, e Xiada, o 2 de xaneiro.

Por outra banda, no teatro

Elma acollerá o día 26, ás 20.00 horas, unha cita cunha dimensión musical e solidaria. Trátase do concerto que organiza a Banda Ateneo Musical da Pobra. A entrada consistirá na entrega dun quilogramo de alimentos non perecedeiros. A reserva de prazas efectuarase a través do teléfono 678 895 933.

# Deportes, foliada e mercado en Malpica

MANUEL LAVANDEIRA

Malpica de Bergantiños

En Malpica están a vivir un intenso Nadal, con actividades lúdicas, formativas e deportivas a diario. Este xoves, día 23, disputarase o Torneo de Deportes de Raqueta para rapazada a partir de 7 anos no pavillón polideportivo a partir das 10.30 horas.

Ademais, ás 20.00 horas no auditorio do Centro Cívico terá lugar un concerto de alumnos e mestres da A. C. Salitre.

A Asociación Cultural Malante animará con panxoliñas o día de Noiteboa (17.30 horas) e Papá Noel entregará agasallos aos nenos e nenas na fonte da praza Anselmo Villar Amigo. E o día de Nadal celebrarase a I Foliada de Contos de Nadal ás 19.00 horas na rúa Eduardo Vila Fano.

Para o domingo, día 26, está programado un obradoiro de adornos de Nadal no mercado municipal, organizado pola A. C. Malante. E do 27 ao 31 de decembro desenvolverase un campamento de Na-



O alcalde de Malpica, Eduardo Parga, á esquerda, e concelleiros do goberno no mercadillo de Nadal. Foto: C. Malpica

dal e do 27 ao 29 outro deportivo. A Peque Disco Moco Moco (luns, 27), cine (martes, 28), un espectáculo de clown e unha exhibición de patinaxe (mércores, día 29), un torneo de fútbol 3x3 e unha festa infantil (xoves, 30), e a San Silvestres Malpicana e a música da charanga Festicultores (venres, 31), completarán a

oferta de lecer antes de rematar o ano.

O 2022 comezará en Malpica cun obradoiro de adornos de Nadal (2 de xaneiro); un campamento deportivo (3, 4 e 5) e *Os contos do avó* (día 3) darán a benvinda ao aninovo á espera da chegada do Reis Magos, que visitarán o concello os días 5 e 6 de xaneiro.

Pintura y decoración

**LIRES**

Lg. Rates nº 1 (San Cosme) OUTES (A Coruña) • T. 981 765 794 • M. 659 387 540 F. 981 765 794  
decoracioneslires@gmail.com • www.decoracioneslires.wordpress.com

- Aislamiento térmico de fachadas
- Pintura interior y exterior
- Molduras escayola
- Papel pintado
- Marmorán • Pladur



**Combustibles  
Puebla, S.L.**

**AUTOMOCIÓN • INDUSTRIAS EMBARCACIONES  
COMUNIDADES • CALEFACCIONES**

**DISTRIBUCIÓN DE GASÓLEOS a domicilio**

Pol. Ind. A Tomada parc. 1 Pobra do Caramiñal  
T. 981 832 076 F. 981 830 234 • M. 610 744 432

CONSTRUCCIONES

*Mariano Louro Lago, S.L.*



C/ Veirada, 292 • Porto Cubelo  
LIRA - CARNOTA (A Coruña)  
T/F. 981 761 365 • M. 670 616 558  
marianolouro@yahoo.es

www.construccionemarianolouro.com

CENTRO COMERCIAL

# FINIS TERRAE

*Felices Fiestas*

**FRIGORÍFICOS PUEBLA, S.L.**  
CALIDAD Y PRECIO GARANTIZADO



La Bayuca, 1  
Telf.: 981 83 01 58  
981 83 01 87  
Fax.: 981 83 10 27  
Apartado, 30  
PUEBLA DEL CARAMIÑAL  
(La Coruña)

**INSTALACIONES  
HERFER**

*Les desea  
Felices Fiestas*



www.instalacionesherfer.es

Pol. Ind. de Espiñeira, P14  
BOIRO (A Coruña) • 981 849 971

comercial@instalacionesherfer.es

HA NACIDO EL

**VUELCA  
FÁCIL<sup>®</sup>**



**AHORA TU ATÚN  
SALE SOLO**

UNA IDEA DE  ¡PUES CLARO!

Barafunda presenta o día 23 o espectáculo infantil 'Globotolo' // Papá Noel estará na Praza da Constitución na xornada de Noiteboa // A Banda Municipal ofrecerá o domingo 26 o tradicional Concerto de Nadal no auditorio TEXTO Manuel Lavandeira

# Teatro, música e espectáculos de maxia para as festas en Cee

Despois de desfrutar das propostas literarias de Marcos Porto e Vicente Jesús Bernal e dos concertos de Pili Pampín e dos alumnos e alumnas da Escola Municipal de Música, en Cee seguirán gozando do Nadal con espectáculos teatrais, musicais e tamén de maxia.

O xoves, día 23, a compañía Barafunda traerá á vila da Xunqueira o espectáculo infantil *Globotolo*, dirixido a nenos e nenas de máis de tres anos. A cita é ás 17.30 horas no Auditorio Baldomero Cores, e o custe das entradas é de 3 euros (bonificadas) e 5 euros (normais).

Na xornada de Noiteboa, de 16.30 a 19.30 horas os máis pequenos teñen unha cita con Papá Noel, no marco dunha gran festa que se celebrará na Praza da Constitución. O domingo, día 26, haberá un dobre cita teatral e musical.

Malasombra presentará *Os fabulosos Cleaners*, un espectáculo de pompas de xabón para todos os públicos, que comenza ás 17.30 ho-

ras no auditorio. Despois, ás 20.30 horas, subirán ao mesmo escenario os membros da Banda de Música de Cee para ofrecer o tradicional Concerto de Nadal, con música propia destas datas festivas xunto a outros temas máis habituais do repertorio da agrupación municipal.

O luns, día 27, achegarase a Cee o mago David Maestro, que se deu a coñecer en programas televisivos como *Got Talent* ou *Pura Magia*, e que está a percorrer a provincia co espectáculo *Soñando desperto*. A actuación comezará ás 17.30 horas.

A compañía Titiribaile traerá o día 18, ás 17.30 horas, os contos de Julio Verne e recreará *A volta ao día en 80 mundos*. E para pechar o ano, Galitooon presentará *Güela-Güela*, o único espectáculo dunha compañía galega que chegou ao Museo Nacional del Prado. A función está baseada na obra *Concierto de aves*, de Frans Synders. Comezará tamén ás 17.30 horas no Auditorio Baldomero Cores da casa da cultura.



A compañía Barafunda presenta o xoves o espectáculo 'Globotolo'

## REIS MAGOS

### RECEPCIÓN REAL NO MUSEO FERNANDO BLANCO

••• Unha das citas máis esperadas do Nadal é a visita dos Reis Magos de Oriente, que chegarán a Cee o día 5 de xaneiro e serán recibidos ás 17.00 horas no Museo Fernando Blanco. Despois de saudar a todos os nenos e nenas Melchor, Gaspar e Baltasar percorrerán as rúas da capital municipal.

••• A tradicional cabalgata pasará polas rúas Domingo Antonio de Andrade, Praza das Palmeras, Avenida Fernando Blanco, Avenida Fisterra, Pontevedra, Estatuto de Autonomía, Independencia, Avenida Lino Rodríguez Madero, Praza Ketty Quintanas, Europa e Praza da Constitución.

••• Dende o Concello informan que será de uso obrigatorio o emprego de máscara para asistir a todas as actividades e recoméndase que, na medida do posible, se eviten as aglomeracións co fin de previr e evitar novos contaxios e garantir un Nadal seguro.

## PROGRAMACIÓN CULTURAL NADAL 2021

**23 DECEMBRO / 17.30 h.**

*Globotolo* • Clown. Casa de Cultura

**26 DECEMBRO / 17.30 h.**

*Os fabulosos Cleaners* • Teatro. Casa de Cultura

**27 DECEMBRO / 17.30 h.**

*Mago David Maestro*. Casa de Cultura

**28 DECEMBRO / 17.30 h.**

*A volta ao día en 80 mundos* • *Contacontos*. Casa de Cultura

**29 DECEMBRO / 17.30 h.**

*Güela - Güela* • Teatro. Casa de Cultura

**30 DECEMBRO / 21.00 h.**

*Festival de Danza Galega*. Auditorio-Casa de Cultura

**5 XANEIRO / 17.00 h.**

*Recepción Os Reis Magos* Museo Fernando Blanco



CONCELLO DE CEE  
www.cee.gal



- AISLAMIENTO TÉRMICO Y ACÚSTICO
- IMPERMEABILIZACIÓN • POLIURETANO
- POLIUREA • CORCHO PROYECTADO

Sorna, 33 • Muxía  
T. 667 641 289  
j.m.@aislamientosmuxia.com  
www.aislamientosmuxia.com

## María Lariño Ares

GA GESTORIA ADMINISTRATIVA

Praza dos Xuncos nº 1 - 1º Izd  
CEE (A Coruña) • Tif / Fax: 981 745 898  
marialarino\_red@yahoo.es  
Ara Solis, 13 - FISTERRA (A Coruña)  
Móbil: 628 878 872



ASESORÍA FISCAL LABORAL CONTABLE

SANTIAGO DE COMPOSTELA: Polígono Industrial del Tambre • T.: 981 552 500  
CEE (A Coruña): Rellena de la Seca, s/n (Edificio Río) - 1º C • T. 981 706 030  
CAMARIÑAS (A Coruña): Rúa da Constitución, 10-1º Dcha. • T. 981 705 406

Especialidad en empanada gallega

Forniños  
DESDE 1933  
PAN ARTESANAL DE TODO CORAZÓN



Avda. Anllóns  
15110 - Ponteceso • A Coruña  
T. 981 714 038



Papá Noel está a visitar estes días todos os centros sociais e animando as rúas // Mamá Cabra animará a festa de Nadal o día 26 // Haberá tamén unha gran chocolatada **TEXTO J. Ramos**

# Vimianzo acolle a única pista de xeo natural de toda a Costa da Morte



Encontro dos nenos e nenas da escola unitaria de Carnés con Papá Noel en Vimianzo. Foto: Concello de Vimianzo

En Vimianzo o Nadal é diferente, pois a capital de Soneira acolle a única pista de xeo natural de toda a Costa da Morte e conta cun alumeado que está a espertar o interese de veciños e visitantes doutros puntos.

Dende o pasado día 19, son moitas as persoas, especialmente nenos e xoves, que se achegaron a patinar sobre xeo. A pista estará aberta ata o 9 de xaneiro, de 11.00 a 23.00 horas nunha carpa anexa á casa consistorial. O prezo da entrada, que inclúe patíns, é de 5 euros, e pódese reservar a través da aplicación móbil de Saudeter.

Pero este Nadal tamén trae a Vimianzo outras moitas propostas lúdicas e culturais. Dende o pasado día 20 e ata o xoves, día 23, Papá Noel está a visitar os centros sociais e animando as rúas do municipio. E na tarde de Noiteboa, ás 18.30 horas recollerá as misivas dos máis pequenos no auditorio da casa da cultura, onde pola mañá, a partir das 11.30 horas, Duende Sico representará *A mesa da Ingua*.

O día 26 celebrarase a Festa de Nadal na casa da cultura cun concerto de Mamá Cabra (18.30 horas) e unha gran chocolatada (19.30 h.). Para rematar o ano, o Concello vimiancés convidou a Teatro Calavera para amenizar a gran Festa Infantil de Fin de Ano, que se celebrará ás 12.00 horas.

Ademais, do 22 ao 30 de decembro a artista local Irma Macías, cantante de Luar na Lubre, deleitará cos *Contos de Nadal* á veciñanza das catorce parroquias de Vimianzo. Co-

**A cantante Irma Macías deleitará con Contos de Nadal á veciñanza das catorce parroquias**

**Súas Maxestades visitarán todo o municipio o día 5 de xaneiro e serán recibidos na Praza do Concello**

mezará o seu percorrido na escola de Berdoias e continuará o mesmo por Cambeda, Carantoña, Cereixo, Serramo, Tines, Treos, Bamiro, Bañas, Castrelo, Pasarela, Carnés, Castromil antes de rematar no auditorio da casa da cultura.

E o 2022 comezará na capital de Soneira dun xeito máxico. O mago Richard traerá o seu *Conto de Nadal* o día 2 de xaneiro ás 18.30 horas. Un espectáculo de maxia que será a antesala da visita máis esperada: a de Súas Maxestades de Oriente. Está previsto que percorran todas as parroquias o día 5 de xaneiro e, despois, a partir das 20.00 horas, os Reis Magos serán recibidos na Praza do Concello.

O programa de Nadal completará co Concerto de Nadal da Escola Municipal de Música, programado para o día 8 de xaneiro ás 18.30 horas, e coa gran cita deportiva de cada ano: o Duatlón de Reis, que se celebrará de novo na contorna de Castromil (Salto). A proba será, un ano máis, puntuable para o Circuito Galego de Duatlón de Cros.

Malpica de Bergantiños celebrará estas fechas tan destacadas con un variado programa navideño lúdico e cultural destinado al disfrute de toda la familia. El programa tendrá lugar desde el 18 de Diciembre hasta el 6 de Enero y se desarrollará en diferentes espacios de la ciudad.



CONCELLO DE  
MALPICA  
DE BERGANTIÑOS

**Sábado 18 de Diciembre**, el Polideportivo de Malpica acogerá a las 18.00 horas la Exhibición de Patinaje de la EMEF del Concello de Malpica y Club Patín Velúa.

**Los días 18 y 19 de Diciembre**, tendrá lugar el Mercado Artesán de Nadal en horario de 11.00 a 14.30 horas y de 16.30 a 21.00 horas el sábado 18 y de 12.00 a 14.30 horas y de 16.30 a 21.00 horas el domingo 19.

**Domingo 19, a partir de las 16.00**

horas en la Casa da Cultura de Seala, Festa Infantil de Nadal. De 16.00 a 20.00 horas Fiesta Infantil con hinchables, visita de Papá Noel y chocolatada en la Casa dos Vecinos.

**Lunes 20**, los centros de enseñanza de Malpica recibirán la visita del cartero real.

**Viernes 24**, a partir de las 17.30 horas en la Fonte de Anselmo Villar Amigo, Panxoliñas das cantareiras de la A.C. Malante, y a las 18.00

horas Papá Noel entregará los regalos a las niñas y niños.

**Sábado 25**, a partir de las 19.00 horas en la carpa instalada en la calle Eduardo Vila Fano se celebrará la I Foliada de Cantos de Nadal.

**Viernes 31**, durante esta jornada se celebrará la V San Silvestre Malpicana con salida a las 12.00 horas desde la Fonte de la Praza de Anselmo Villar Amigo. Entrega de premios a las 14.00 horas.

**Miércoles 5 de Enero**, a partir de

las 11.00 el cartero real visitará todas las parroquias de Malpica. Los Reyes Magos de Oriente llegarán a:

-Buño a las 17.00 horas.

-Malpica a las 19.00 horas.

-Leiloio a partir de las 18.30 horas.

-Seala a partir de las 21.00 horas.

**Jueves 6**, a las 10.00 horas los Reyes Magos de Oriente llegarán a Seala y recorrerán la parroquia.

Más información

Tf. Concello: 981 720 001



Los beneficios de una vivienda bien aislada repercuten en tu salud, en tu economía y en el medio ambiente

Productos para la construcción con

**Standard PassivHaus**

Vivienda Pasiva

Cee **LAR** 981 70 88 02  
[www.larcee.com](http://www.larcee.com)



Baño

M. Cocina

Ferretería

Cerámica

Construcción

Biomásas

Aislamientos térmicos, acústicos, antiradón, barreras de vapor

**Pista de Xeo natural**  
NA PRAZA DO CONCELLO DE VIMIANZO

17 DECEMBRO - 9 XANEIRO

HORARIO | 11:00 A 23:00

ABERTA TODOS OS DÍAS

PREZO | 5€\*

\*ENTRADA BÁSICA: INCLÚE PATINS

MEDIDAS DE SEGURIDADE



USO OBRIGATORIO DE LUVAS



USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA



XEL HIDROALCÓLICO



RESERVA DE PRAZA ANTICIPADA



CONTROL DE AFOROS



PROPORCIONANSE CALZAS DE PLÁSTICO DESBOTABLES



DESINFECCIÓN DE PATINS DESPOIS DO SEU USO

Reserva a túa entrada



[www.app.saudeter.com](http://www.app.saudeter.com)

Cine, teatro e xogos son as propostas do Concello // Os Reis Magos van recorrer as trece parroquias // Está en marcha o certame virtual de panxoliñas María Angeriz Tuset **TEXTO M. L.**

## Concursos e actividades para familias na Laracha

O Concello da Laracha deseñou un programa de actividades centrado en propostas culturais e de ocio especialmente dirixidas ao público infantil e familiar.

Unha programación que arrincou co tradicional festival de teatro infantil, que se desenvolveu en horario lectivo, dirixido ao alumnado dos colexios Otero Pedrayo da Laracha, Alfredo Brañas de Paosaco e Caión. Do 17 ao 21 deste mes, os nenos e nenas pasaron pola Casa da Cultura larachesa para presenciar a obra *Os tres porquiños*, de Educa Teatro.

Para o que resta de ano, o Concello programou unha tarde de cine no centro sociocultural de Paosaco o vindeiro día 27, ás 17.30 horas. Os asistentes poderán desfrutar da película *Donkey Xote*.

Ao día seguinte, Trémota Teatro representará a obra infantil *Valente e rebelde* na casa da cultura da Laracha á mesma hora. Os máis pequenos volverán a ter unha nova cita o día 29 en Paosaco, onde poderán gozar do espectáculo de sombras *Alén*, a cargo da Asociación Teatral Paso de Valverde. Será tamén ás cinco e media.

Para rematar o ano, o cento comunitario de Caión acollerá o día 30 unha sesión de xogos populares baixo o título *Os xogos do Paporrubio* (17.30 horas). E o ano 2022 comezará na Laracha con dúas tardes de cine. A primeira será o día 3 de xaneiro, ás 17.30 horas, na casa da cultura da capital municipal, onde se proxeccionará a película *Dumbo*. Ao

día seguinte será o turno de *Nocturna, unha aventura máxica*, neste caso co centro da vila mariñeira de Caión.

Unhas sesións das que os nenos e nenas poderán desfrutar mentres esperan a chegada dos Reis Magos, prevista para os días 4 e 5 de xaneiro. Súa Maxestades realizarán un percorrido nas súas carrozas polas rúas das trece parroquias. Debido á situación sanitaria actual, e do mesmo xeito que sucedeu o ano pasado, non se poderá celebrar a habitual festa infantil que organizaba o Concello na véspera de Reis no pavillón do instituto larachés.

A programación navideña chegará ao seu fin o próximo 8 de xaneiro cunha sesión de autocine destinada a adul-



Papá Noel xa visitou aos nenos e nenas da Laracha. Foto: Concello da Laracha

tos. A cita é na Praza Olonne sur Mer da Laracha, ás nove e media da noite, e a película elixida é *Joker*.

Paralelamente aos diversos actos, o Concello organiza polo Nadal varios concursos. Un deles é o Certame de Panxoliñas María Angeriz Tuste, que este ano se desenvolve de xeito virtual nas redes sociais. Participan asociacións culturais, coros parroquias e grupos do

municipio. Os seus vídeos serán subidos á paxina de Facebook do Concello o día 23 e os usuarios da rede social poderán votar polos seus favoritos ata o día 3 de xaneiro. Cada entidade participante ten garantida unha gratificación de 200 euros, e os tres vídeos con máis "gústame" gañarán 400, 300, e 200 euros, respectivamente. Ademais está en marcha a 26 edición do Concurso de Escaparates.

### AUTOCARES Ferrín-Costa, s.l.



Lg. de Caxadas, nº 21  
VIMIANZO (A Coruña)  
T. 609 892 952 - 616 664 942

### FABRIMONT METAL MONTAJES

- CIERRES Y PORTALES EN HIERRO, INOX Y ALUMINIO
- PUERTAS SECCIONALES AUTOMÁTICAS ESTRUCTURAS METÁLICAS Y CUBIERTAS
- TRABAJOS DE SOLDADURA
- MANTENIMIENTO DE MAQUINARIA AGRÍCOLA E INDUSTRIAL

CARPINTERÍA METÁLICA EN GENERAL  
Juán Carlos Cabanas Rodríguez

Dumbria (A Coruña)  
T/F. 981 744 123  
M. 680 871 928  
fabrimontmetal1@gmail.com

### HERFRAGA

MAQUINARIA PARA LA INDUSTRIA  
CONSERVERA / MECANIZADOS

Desde 1930

● Nueva dirección desde el lunes 8

Rúa Cobre, C17 • Polígono Bértoa

Carballo-A Coruña

Teléf: 981 700 401

981 701 511

info@herfraga.com

www.herfraga.com



### JA Construcciones Rehabilitaciones J. Alvite París

alviteparis@gmail.com  
Tlf. 629 270 879

- Edificación - Proyectos de obra nueva
- Infraestructuras
- Rehabilitación y reformas
- Coordinación de seguridad y salud

Lg A Santa, nº 1  
Muiño - ZAS - A Coruña  
www.alviteparis.es



## PROGRAMA NADAL 2021

<p><b>Luns 27 de decembro</b> <b>TARDE DE CINE</b> <b>"DONKEY XOTE"</b> Centro Sociocultural de Paosaco 17:30 h</p>	<p><b>Martes 28 de decembro</b> <b>TEATRO INFANTIL</b> <b>"VALENTE E REBELDE"</b> Trémota Teatro Casa da Cultura da Laracha 17:30 h</p>
<p><b>Mércores 29 de decembro</b> <b>OBRA INFANTIL DE SOMBRAS</b> <b>"ALÉN"</b> Asociación Teatral Paso de Valverde Centro Sociocultural de Paosaco 17:30 h</p>	<p><b>Xoves 30 de decembro</b> <b>XOGOS POPULARES</b> <b>"OS XOGOS DO PAPORRUBIO"</b> Urdime S.Coop Galega Centro Comunitario de Caión 17:30 h</p>
<p><b>Luns 3 de xaneiro</b> <b>TARDE DE CINE</b> <b>"DUMBO"</b> Casa da Cultura da Laracha 17:30 h</p>	<p><b>4 e 5 de Xaneiro</b> <b>CABALGATA DOS REIS MAGOS</b> Percorrido polas parroquias do Concello</p>
<p><b>Martes 4 de xaneiro</b> <b>TARDE DE CINE</b> <b>"NOCTURNA, UNHA AVENTURA MÁXICA"</b> Centro Comunitario de Caión 17:30 h</p>	<p><b>Sábado 8 de xaneiro</b> <b>AUTOCINE ADULTOS</b> <b>"JOKER"</b> Praza Olonne Sur Mer/A Laracha 21:30 h</p>